AO SERVIZO DO LITORAL DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO
(código de identificación A12X03222)

ASUNTO: ALEGACIÓNS Á CENTRAL HIDROELÉCTRICA REVERSIBLE DE AUGA MARIÑA EN FONTE DAS MAÑAS NO CONCELLO DE OIA (CONC-PO-2026-010).

O Concello de Oia, enderezo postal Vista Alegre, 121, C.P. 36794, Oia (Pontevedra). Teléfono 986362125. Enderezo electrónico: info@concellodeoia.es; e no seu nome e representación, a alcaldesa do mesmo, Dona Cristina Correa Pombal, COMPARECE no presente procedemento e formula as seguintes alegacións en relación coa Central Hidroeléctrica Reversible de Auga Mariña en Fonte das Mañas (CONC-PO-2026-010), actualmente sometida a información pública conforme ao Acordo do 6 de xullo de 2026 do Departamento Territorial de Pontevedra (DOG núm. 131, do 15 de xullo de 2026),

EXPÓN AS SEGUINTES ALEGACIÓNS:

1ª.– O proxecto minimiza o carácter experimental da proposta, que presenta unha viabilidade dubidosa e non acreditada

As centrais hidroeléctricas reversibles son unha realidade contrastada en todo o mundo, existindo varias en España. Pero esta realidade circunscríbese ás centrais que funcionan con auga doce. Estes proxectos basean a súa sustentabilidade en empregar enerxías renovables sobrantes para o bombeo das augas cara arriba; a posterior caída destas augas é a que xera a enerxía eléctrica. Todas elas foron proxectadas e explotadas por empresas punteiras no ámbito da enerxía.

Moi distinta é a realidade das centrais hidroeléctricas reversibles que utilizan auga salgada, como son as que se propoñen para Fonte das Mañas e Portocelo. Hai unanimidade en cualificar estas experiencias como experimentais, é dicir, son tecnoloxías potenciais pero non realidades consolidadas. Só existen dous exemplos en todo o mundo. A antiga central de Rance, en Francia (que só parcialmente funciona con auga salgada), é a única de Europa: construída en 1966, amosou co paso do tempo un impacto ambiental significativo, motivo polo cal o modelo non foi replicado. A outra central existente é o proxecto Yamburu, en Okinawa (Xapón), finalizado no ano 2000 e desmantelado en 2016 por ser economicamente inviable.

Alén do mencionado, no mundo existen escasos proxectos en fase de proposta: un na illa de Hawai (Lana Project), un en Irlanda (Shvets Company Project) e dous no deserto de Atacama, norte de Chile (Proyecto Espejo de Tarapacá), que empregarían como enerxía renovable para a subida das augas inmensas instalacións fotovoltaicas. Atacama é o lugar con maior radiación solar do planeta, superando os 7 kWh/m², o que o converte no territorio con maior potencial de enerxía solar do mundo, e é tamén, exceptuando as zonas polares, o lugar máis árido do planeta. E, por outra parte, pódese entender que nunha illa como Hawai, illada por miles de quilómetros no océano Pacífico, se plantexe esta posibilidade dada a práctica imposibilidade de obter enerxía por outros medios.

Este contexto resulta esencial para valorar a proposta sometida a autorización. Non estamos, polo tanto, ante a simple aplicación dunha tecnoloxía hidráulica perfectamente coñecida a un novo emprazamento, senón ante o intento de trasladar a unha zona densamente humanizada e ambientalmente sensible unha solución que conta con moi poucos precedentes e cuxa explotación comercial non está acreditada.

A memoria presentada pola promotora non ofrece unha exposición equilibrada desta realidade: a escaseza de precedentes aparece minimizada, e os antecedentes existentes son utilizados para transmitir unha impresión de madurez tecnolóxica que non se corresponde cos datos coñecidos. Esta forma de presentar a información resulta especialmente relevante porque os proxectos de Fonte das Mañas e Portocelo non se sitúan en espazos equivalentes aos dos escasos precedentes internacionais: sitúanse en zonas nas que os 500 metros das ladeiras aparecen tapizados por árbores e vexetación, e nas que se localizan núcleos de poboación dispersa que manteñen usos tradicionais do territorio, cunha presenza humana que, aínda que relativamente escasa en comparación con outras zonas de Galicia, resulta significativa en termos de ocupación e aproveitamento do medio. A comparación con instalacións desenvolvidas en contornos insulares, desérticos ou con características territoriais completamente diferentes non permite, por si soa, afirmar que os impactos e problemas técnicos serán equivalentes e facilmente resolubles.

A memoria aportada pola promotora insiste en que todos os problemas tecnolóxicos derivados do uso de auga salgada están superados. Chama a atención que, existindo só dous exemplos no mundo, non se faga referencia detallada á central de Rance a pesar de ser europea e levar funcionando 60 anos. A central de Rance construíuse nunha área de limitado interese paisaxístico, polo que hoxe é un destino turístico con visitas guiadas en barco; funciona sen necesidade de depósito de auga; e, o que é máis relevante desde o punto de vista visual, ten un impacto equiparable ao dunha ponte -de feito, a infraestrutura remátase na súa parte superior cunha estrada de dous carrís por sentido que resultaba vital para comunicar as dúas poboacións situadas a ambos lados do estuario do río Rance-. A memoria non recolle que se trata dunha iniciativa que, para a súa construción, tiña un grande interese social ademais de empresarial; conta cunha potencia (240 MW) cinco veces superior á pretendida en Porto das Mañas; e é sostible porque o seu funcionamento se basea en aproveitar a dinámica natural das mareas.

No que si podemos coincidir coa memoria é en que a central situada en Okinawa é a única que se construíu combinando a captación de auga do mar e o seu almacenamento en cotas superiores para, posteriormente, producir enerxía na baixada. Pero aquí rematan as coincidencias, xa que a memoria omite cuestións básicas e presenta o resto de forma sesgada.

En primeiro lugar, cando a memoria fala de Okinawa preséntaa como unha illa máis do arquipélago que, no seu conxunto, constitúe Xapón. É importante saber que Okinawa é a illa maior dun arquipélago do mesmo nome situado no medio do océano Pacífico, a 900 km da parte máis meridional do arquipélago formado polas catro illas principais de Xapón: Okinawa tiña que intentar producir unha enerxía que non podía -nin pode- recibir do resto de Xapón.

A memoria indica que, con carácter previo á construción, a Axencia da Enerxía e dos Recursos Naturais do Ministerio de Industria e Comercio de Xapón desenvolveu o programa "Test de verificación e investigación das técnicas para o almacenamento", pero non se explica que este asunto foi, desde o

inicio, un proxecto piloto experimental defendido e impulsado polo Ministerio de Economía de Xapón: o goberno non era un mero produtor de estudos previos, senón o único responsable directo de todo o proxecto, que era experimental, e cuxo obxectivo era precisamente comprobar o funcionamento desta tecnoloxía e estudar os problemas derivados do emprego da auga de mar (*Experimental power plant in Kunigami dismantled*).

Esta circunstancia non é menor. O proxecto xaponés foi concebido como un experimento tecnolóxico e as súas dimensións eran, en consecuencia, relativamente reducidas: potencia total de 30 MW, depósito situado a 150 m sobre o nivel do mar, e conducións entre este e a zona de extracción de só 600 m. Fronte a iso, a proposta de Fonte das Mañas presentada en Galicia prevé unha infraestrutura de maiores dimensións, cunha potencia próxima aos 50 MW, cun depósito situado a aproximadamente 500 m de altitude e conducións entre este e a zona de extracción de 2.000 m (1.122 m entre a subestación e a balsa, aos que hai que sumar os existentes entre a zona de extracción, a nivel do mar, e a subestación, situada 52 m por enriba do nivel do mar).

O propio proceso de execución de Okinawa confirma o seu carácter experimental, circunstancia que tampouco se recolle na memoria presentada polo promotor. Aínda que o proxecto era limitado, o goberno xaponés estudou o seu impacto en cada detalle, sen continuar a construción ata contar con datos fiables e poder soslaiar as dificultades e o impacto de cada acción. Por este motivo, as obras que comezaron en 1987 non se completaron ata finais de 1999 (13 anos despois), cun investimento do goberno equivalente en ienes actuais a 142,7 millóns de euros.

Este proxecto gobernamental, ao chegar á fase de construción, pasou a depender da Sociedade Xaponesa de Enxeñeiros Civís, unha organización sen ánimo de lucro, que escolleu para executalo a Compañía de Desenvolvemento da Enerxía Eléctrica (Denpatsu), empresa punteira no campo da enerxía que ata 2004 foi unha compañía estatal e que nese ano se privatizou e saíu a bolsa co nome de J-Power.

A memoria transmite a impresión de que o proxecto de Okinawa funcionou durante máis de dúas décadas, cando a realidade é distinta: como proxecto piloto que era, entre 1999 e 2004 -durante eses cinco anos- só funcionou en fase de verificación, precaución lóxica dado o seu carácter piloto-experimental (https://www.jpower.co.jp/). Nunca chegou a estar operativa en sentido comercial. Cando rematou o período de verificación, as predicións iniciais sobre as necesidades de enerxía en Okinawa non se cumpriran -non é estraño, xa que eran predicións de comezos dos anos oitenta do século pasado-, polo que o seu uso non resultaba rendible. O ano 2016 non é, por tanto, o ano no que deixou de funcionar unha central que nunca funcionou en réxime comercial, senón o ano no que foi desmantelada.

Este dato debería ocupar un lugar central na valoración do proxecto agora presentado: o precedente que a memoria utiliza para acreditar a viabilidade da tecnoloxía é, precisamente, unha instalación experimental que non deu lugar á implantación comercial da solución tecnolóxica ensaiada.

A memoria suxire que a promotora está en condicións de replicar, esta vez con éxito, a experiencia de Okinawa. Trátase dunha compañía creada expresamente para este proxecto, división dunha empresa de conservas alimentarias sen experiencia previa no campo da enerxía -cuestión que se desenvolve na alegación 2ª-, que pretende ademais executar un proxecto con máis de 20 MW adicionais e con

construcións máis do dobre das de Okinawa, cun investimento inferior á metade, e nun prazo de execución seis veces menor (dous anos fronte a trece).

Xorden, chegados a este punto, preguntas que resulta imprescindible responder. Xapón é un dos países do mundo con máis costa -preto de 30.000 km-, tecnoloxicamente moi avanzado, e cun gravísimo problema de dependencia enerxética. Se, como se aduce na memoria, resolveron todos os problemas técnicos que implicaba o tipo concreto de centrais que se pretenden construír en Fonte das Mañas, e se o único problema fose que o cálculo das demandas resultara incorrecto, cabe preguntarse por que non se implantaron, nos 25 anos transcorridos desde o final da construción de Okinawa ata o momento actual, novas centrais deste tipo no país. Xapón non só non emprendeu novas construcións, senón que non ten proxecto algún de facelo nun futuro próximo, a pesar da súa extraordinaria dependencia da enerxía nuclear -evidenciada tras o maior accidente nuclear posterior a Chernóbil, provocado por un terremoto de magnitude 9- e a pesar de que en Xapón se producen ao ano preto de 5.000 seísmos, a metade dos cales están entre 3 e 3,9 na escala de Richter, pero non menos de 160 superan os 5 graos. Este contexto debería ser explicado pola memoria, especialmente cando se utiliza precisamente Okinawa como principal argumento para demostrar a viabilidade da tecnoloxía.

Hai, ademais, unha cuestión fundamental que tampouco queda suficientemente esclarecida: a enerxía necesaria para facer funcionar o sistema. Da propia documentación presentada pola empresa despréndese que o custo da enerxía eléctrica necesaria para elevar a auga do mar ata a balsa é moi elevado, podendo incluso superar o beneficio obtido coa xeración de enerxía eléctrica durante a baixada, o que obrigaría a central a realizar os bombeos durante a noite, co conseguinte impacto acústico engadido, non cuantificado na documentación.

Estas centrais precisan grandes cantidades de enerxía renovable (eólica ou fotovoltaica) para bombear a auga do mar cara arriba. No proxecto que nos ocupa -e tamén no de Portocelo- non se xustifica a procedencia desa enerxía: todos os proxectos eólicos propostos na serra da Groba non foron autorizados pola administración, e a día de hoxe non existe ningunha fonte de enerxía renovable dispoñible que, en caso de excedente, puidese ser utilizada polas centrais proxectadas. Segundo a propia memoria, para que cada central funcione integramente con enerxías renovables sería necesario instalar en parques eólicos ou fotovoltaicos entre o dobre e o triplo da súa potencia, sen especificar de que outras fontes renovables afastadas se podería facer uso -fontes que, ademais, implicarían perdas adicionais de transporte pola distancia-.

Esta circunstancia impide considerar acreditada a sustentabilidade do proxecto. Unha instalación cuxa viabilidade económica depende dun bombeo enerxeticamente moi custoso, e cuxa fonte de alimentación non está debidamente identificada, non pode ser presentada como unha solución enerxética consolidada. O principal beneficio recaería sobre a empresa promotora, que podería aproveitar a preferencia regulatoria que ten a xeración e utilización de enerxía eléctrica fronte ao resto das renovables, especialmente a solar e a eólica. De resultar inviable -como aconteceu en Okinawa- os danos ocasionados serían irreversibles, ou a súa reversión implicaría un gasto público inasumible.

A isto hai que engadir unha cuestión que a memoria tampouco recolle: o goberno xaponés impulsou o proxecto da central de Yanbaru, en Okinawa, como parte dun proxecto conxunto que incluía a construción dunha central enerxética baseada na combustión de carbón mediante métodos innovadores (https://www.abc.net.au/news/2017-03-17/how-seawater-hydro-could-help-south-

australia/8363054). A experiencia de Okinawa consistía, en realidade, nun sistema experimental no que a central de bombeo funcionaba unida a unha central térmica que garantía o subministro eléctrico continuo; esa integración -aínda que non sostible- aseguraba a viabilidade técnica do experimento. Pola contra, o proxecto que se nos presenta non contén mención ningunha respecto de que fonte enerxética, renovable ou convencional, podería garantir o funcionamento do sistema, omisión que resulta determinante para avaliar a súa viabilidade.

Por todo o anterior, a experiencia internacional non permite acreditar a viabilidade comercial da solución proposta. Antes ben, mostra que estamos ante unha tecnoloxía de aplicación extremadamente limitada, con antecedentes experimentais e sen implantación comercial acreditada a escala comparable coa pretendida, circunstancia que debería ser expresamente considerada na avaliación do proxecto.

2ª.– As empresas solicitantes carecen de experiencia acreditada no ámbito da enerxía, e presentan un proxecto enerxético artificialmente dividido en dous

Unha vez exposta a falta de madurez e de experiencia acreditada da tecnoloxía proposta, cómpre analizar quen pretende executala, xa que é precisamente neste punto onde aparece outra das principais debilidades da iniciativa: as sociedades promotoras carecen de experiencia comparable coa envergadura e complexidade da actuación que pretenden desenvolver.

A cuestión non é menor. Non estamos ante unha instalación industrial convencional nin ante unha obra hidráulica ordinaria, senón ante unha infraestrutura enerxética de carácter experimental que implica captación de auga mariña, bombeo a grandes cotas, almacenamento, recuperación hidroeléctrica, sistemas eléctricos de evacuación e importantes obras civís. Todo iso esixe unha solvencia técnica e unha experiencia específica que non se poden substituír pola simple contratación dun equipo redactor.

As empresas que promoven as instalacións -denominadas cos topónimos locais Fonte das Mañas e Portocelo- non explicitan que existe un proxecto común e interdependente entre elas. Proponse outra central a tres quilómetros ao sur de Fonte das Mañas, situada no termo municipal do Rosal.

Tampouco se explica na documentación que ambas sociedades dependen da corporación Jealsa, cuxa experiencia real se sitúa no ámbito alimentario conserveiro e que se presenta agora vinculada á sustentabilidade enerxética a través da súa división Beltaine, sen experiencia acreditada no sector enerxético. Segundo recoñecen na súa propia páxina web, unicamente "participan na explotación" de parques eólicos -sen detallar cales- que supoñen unha potencia instalada de 51 MW, e sinalan como a súa outra actividade neste ámbito que "comezou a instalación de paneis fotovoltaicos nas cubertas das súas plantas industriais, contando xa con 833,85 kWp instalados" (sic).

Atopámonos, en consecuencia, ante un proxecto de gran envergadura que pretende utilizar o dominio público marítimo-terrestre, presentado por unha empresa cuxa experiencia previa se sitúa fundamentalmente no sector das conservas alimentarias. Chama a atención que se invoque como solvencia técnica a instalación de placas solares na cuberta dalgunha das súas conserveiras, cando o proxecto que nos ocupa require unha capacidade técnica dunha natureza e magnitude moi distintas.

En definitiva, estamos ante unha iniciativa promovida por unha corporación sen experiencia propia no sector, que destina parte das súas ganancias no ámbito conserveiro a un proxecto enerxético experimental e que contrata un equipo de enxeñaría externo para elaborar a memoria que presenta.

Consciente desta falta de experiencia práctica propia, na páxina 100/291 (anexo 11.1) da memoria pode lerse: "os enxeñeiros encargados do proxecto (de Okinawa) non tiñan ningunha experiencia no deseño deste tipo de plantas piloto ou na determinación dos elementos a analizar. Porén, realizaron un bo traballo". Esta afirmación resulta pouco rigorosa: en todo deseño dun proxecto piloto experimental que nunca antes se realizou, ningún equipo pode ter experiencia previa específica; destacar de forma laudatoria un feito tan elemental resulta cando menos chamativo, e parece obviar que a dirección do deseño en Okinawa estivo sempre baixo a supervisión do Ministerio de Economía de Xapón (véxase a alegación 1ª), e que a construción foi executada por unha empresa con ampla experiencia no ámbito das centrais reversibles e, en xeral, no sector enerxético -punteira e de carácter gobernamental, e que continúa a selo tras a súa privatización-.

Pola contra, o proxecto que agora se presenta pretende materializarse mediante a construción íntegra por parte dunha empresa sen experiencia acreditada, non xa en centrais hidroeléctricas, senón en ningún ámbito do sector da enerxía. Nestes termos, cabe preguntarse:

- ¿Poden considerarse fiables os criterios empregados para seleccionar os enxeñeiros que deseñaron o proxecto?
- ¿Poden considerarse fiables os criterios de contratación das obras e das empresas que se encargarán da súa execución?
- ¿Pode unha empresa cuxa experiencia principal se sitúa na industria conserveira alimentaria ofrecer un mínimo de fiabilidade técnica para un proxecto desta natureza?
- ¿Que mecanismos de control e supervisión técnica se establecerán para garantir que unha tecnoloxía que apenas conta con precedentes experimentais sexa executada correctamente?

Estas preguntas non son retóricas: a falta dunha resposta suficientemente acreditada afecta directamente á solvencia técnica da solicitude e á capacidade real da promotora para asumir os riscos asociados a unha actuación desta natureza.

Existe, ademais, unha segunda cuestión, independente da anterior, que debe ser examinada: a presentación separada das instalacións de Fonte das Mañas e Portocelo.

A división formal das actuacións non se corresponde coa súa realidade funcional. Segundo as propias memorias presentadas por separado, a liña de evacuación eléctrica de Portocelo remata na subestación da central de Fonte das Mañas, o que significa que Portocelo non podería evacuar a enerxía producida se non se executase tamén Fonte das Mañas

Estamos, polo tanto, ante dúas actuacións que, lonxe de ser autónomas, presentan unha evidente interdependencia técnica. A súa tramitación separada non pode impedir que se valore a dimensión real do conxunto, especialmente cando a execución dunha das instalacións depende da existencia da outra. A separación documental non altera a unidade material do proxecto: se dúas instalacións comparten infraestruturas, están conectadas funcionalmente e unha delas necesita da outra para evacuar a

enerxía producida, existen razóns suficientes para considerar que forman parte dunha actuación enerxética única.

Esta circunstancia debe ser especialmente tida en conta á hora de determinar tanto a verdadeira magnitude do proxecto como os seus efectos acumulativos e, en particular, a competencia administrativa para resolver sobre el -cuestión que se desenvolve en profundidade nos Fundamentos Xurídicos deste escrito-. Non sería admisible que a simple división formal dunha actuación única en dous expedientes permitise evitar a aplicación das esixencias que resultarían procedentes se o proxecto fose presentado na súa verdadeira dimensión.

En consecuencia, a Administración debe valorar conxuntamente as dúas actuacións e determinar se a súa presentación separada responde a unha auténtica autonomía funcional ou, pola contra, constitúe unha fragmentación artificial destinada a reducir formalmente a entidade do proxecto e facilitar a súa tramitación.

A conclusión é clara: nin a experiencia empresarial das promotoras nin a presentación separada das instalacións permiten considerar acreditada a solvencia e autonomía que esixiría un proxecto destas características.

3ª.– O proxecto dana de maneira significativa o turismo do Concello

O Concello de Oia é un dos máis extensos da provincia de Pontevedra, cunha superficie de 83 km² e unha baixa densidade de poboación (3.104 habitantes). O seu único monumento de relevancia é o Real Mosteiro de Santa María de Oia, legalmente clasificado como Ben de Interese Cultural coa categoría de Monumento (declarado por Decreto o 3 de xuño de 1931), situado a dous quilómetros da central proposta de Fonte das Mañas, no corazón da parroquia de Santa María de Oia, unha das seis que integran o Concello.

O patrimonio máis valioso do Concello é a súa natureza, relativamente virxe e de grande beleza. Boa parte dos lugares de interese están conectados por sendeiros naturais como a Ruta Máxica de Oia, os Sendeiros da Valga, a Roteiro de Loureza a Burgueira, Roteiro de A Portela-Torroña, Ruta do Mosteiro de Oia... Na parte alta do Concello atópase o curro da Valga, o primeiro curro do ano de Galicia e un dos máis concorridos: unha actividade orixinariamente gandeira que se converteu, nos últimos cen anos, nunha festa popular e nun reclamo turístico singular. O curro sitúase adxacente á inmensa balsa que o proxecto de Fonte das Mañas pretende construír.

Para obxectivar a percepción externa deste territorio -e evitar así que se considere interesada a visión que presenta este Concello-, cómpre destacar que a prestixiosa guía de viaxes Michelin, no apartado dedicado ás Rías Baixas, cualifica como "circuito aconsejado" o traxecto entre Baiona e A Guarda e distíngueo cunha estrela: *"Entre Baiona y A Guarda, la costa, plana pero con puertos está casi despoblada. La ruta a lo largo del litoral: un recorrido espléndido"*; *"Oia, pueblo de pescadores reagrupa sus casas alrededor de la antigua abadía cisterciense de Santa María la Real y su fachada barroca. Del otro lado de la ruta, las colinas mueren en amables pendientes donde los potros viven en libertad. En las alturas, algunos domingos de mayo y junio se desarrollan los curros (marcaje de caballos)"* (*La España Atlántica*, Michelin 2019, páxina 432).

Esta descrición reflicte fielmente a realidade dos catro quilómetros de costa que se verían afectados pola construción das centrais de Fonte das Mañas e Portocelo.

Na **figura 1** móstrase unha fotografía que recolle conxuntamente a costa e as empinadas ladeiras montañosas que acadan os 500 metros de altitude. Estes catro quilómetros pasarían a mostrar un panorama industrial: dous puntos de captación na costa e diversas subcentrais unidas por unha liña eléctrica de alta tensión.

[Figura 1.- Vista da costa no punto de extracción de Fonte das Mañas, mostrando a situación da central soterrada, da subcentral e da liña eléctrica enterrada que divide a montaña en dúas desde a base ata a cume; en amarelo, o traxecto da liña de alta tensión.]

4ª.– Risco inaceptable para o subministro de auga da poboación

Toda a parroquia de Santa María de Oia basea a súa subsistencia na existencia das augas subterráneas: todos os veciños do Concello -e, en particular, os da parroquia de Santa María de Oia- dependen exclusivamente delas para dispoñer de auga doce para o consumo humano, as actividades domésticas e todas as actividades agrícolas.

A única información científica dispoñible que pode servir de guía é o extenso e documentado estudo realizado entre os anos 2013 e 2017 pola Universidade da Coruña, *"Estudo hidroxeolóxico e análise da*

viabilidade do abastecemento con augas subterráneas en Santa María de Oia" (informe final, setembro de 2017). Este informe céntrase na parroquia de Santa María de Oia -lugar dos proxectos pretendidos- e é o único existente para o resto do Concello, onde a situación é idéntica no que atinxe ao abastecemento de auga.

As conclusións do citado estudo son taxativas: (1) O abastecemento do Concello de Oia realízase na actualidade exclusivamente con augas do subsolo, mediante pozos de barrena e traídas veciñais que captan mananciais na parte alta da serra granítica; este sistema xa presenta problemas de garantía de subministro de auga, en todas as zonas do Concello, durante épocas de estiaxe prolongado. (2) A infraestrutura necesaria para conectar Oia ao sistema de abastecemento do Baixo Miño, captando auga do río Miño en Tui, suporía grandes custos de investimento, polo que se propoñen como indispensables as únicas alternativas reais: varias iniciativas destinadas a garantir o abastecemento con augas subterráneas.

A parroquia de Santa María de Oia consta de núcleos de poboación relativamente agrupados (Arrabal e A Riña) e de vivendas illadas na periferia destes. O sistema de abastecemento municipal dispón dun depósito de gran volume situado en A Riña, que capta a auga en catro pozos localizados en O Vilar, A Castiñeira, O Bosque e Concello, todos eles situados nun radio inferior a 3 km da obra proposta en Fonte das Mañas. Desde o depósito, a auga distribúese aos edificios públicos e a un número reducido de vivendas.

Todas as zonas periféricas dependen exclusivamente de pozos particulares, que cada propietario ten que financiar e manter pola súa conta, cunha profundidade media de entre 50 e 60 metros -os construídos na última década adoitan superar os 70 metros, chegando algúns a máis de 100-. En moitas ocasións, varios veciños unen esforzos constituíndo traídas comunitarias; nas zonas de maior dispersión, cada casa conta co seu propio pozo. Se o nivel freático diminúe, non existe ningunha rede que interconecte o sistema municipal, as traídas veciñais e os pozos particulares, nin que permita facer fronte a unha situación crítica de subministro.

Ante a preocupante situación actual -non só de Oia, senón de toda a demarcación Galicia-Costa-, o Consello da Xunta de Galicia aprobou en 2025 mobilizar 1,15 millóns de euros para un estudo pioneiro que avalíe o uso de acuíferos para o subministro de auga en épocas de escaseza crítica. O plan de acción de Augas de Galicia contempla que no período 2025-2028 se poderá paliar o actual descoñecemento destes recursos, en colaboración con universidades, coa previsión de publicar en 2028 o mapa do potencial hídrico subterráneo de Galicia-Costa, que se integrará no próximo Plan Hidrolóxico.

Na parroquia de Santa María de Oia, como no resto de Galicia, dispoñemos de moi poucos datos fiables a partir dos cales inferir a situación real das augas subterráneas: só contamos con datos certos sobre a pluviometría da zona e sobre os patróns de dinámica das augas superficiais, e a realidade das augas subterráneas só pode ser aproximada mediante inferencias baseadas neses dous únicos datos fiables.

Pódense concluír dúas cuestións: primeira, non existen acuíferos significativamente grandes recoñecidos, xa que na relación de masas de augas subterráneas non figura ningunha en Oia (DOG do 20 de febreiro de 2023, Orde do 10/02/23 pola que se dispón a publicación do Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrolóxica Galicia-Costa, apartado 4, páx. 75); segunda, para a xeración das augas subterráneas das que se abastece a parroquia son fundamentais os humidais situados xusto ao carón do lugar onde se pretende construír a balsa.

Non existe estudo ningún que mapee a dinámica das augas subterráneas da zona, nin sequera de forma aproximada. Admítese que estas se acumulan en microacuíferos conectados entre si por unha intrincada rede de vetas, cuxa localización e perforación é o que permite construír un pozo. Só se pode inferir a dirección descendente das augas subterráneas segundo a experiencia na perforación de pozos na zona, sen que nada se poida inferir sobre as vetas que comunican horizontalmente os microacuíferos.

O nivel dos humidais e dos microacuíferos depende, obviamente, da pluviometría da zona. Aquí si contamos con datos exactos: a única estación meteorolóxica existente no Concello de Oia está situada en Castro Vicaludo, a 480 metros de altitude e a uns 200 metros das tubaxes proxectadas na obra (localización 41.99327 | -8.864355 WGS84, EPSG:4326). Os datos pluviométricos dos últimos dez anos (Meteogalicia) mostran precipitacións anuais extraordinariamente variables, oscilando entre un mínimo de 1.062 l/m² (2017) e un máximo de 2.109 l/m² (2025), con patróns cíclicos que cambian cada 3-4 anos: 1.702 litros en 2014; 1.159 litros entre 2015 e 2017; 1.483 litros entre 2018 e 2021; e 1.951 litros entre 2022 e 2025. Alternan, polo tanto, períodos de abundancia con períodos de seca.

A dinámica das augas subterráneas só pode inferirse a partir da dinámica -esta si coñecida- das augas superficiais. As augas que se acumulan nas proximidades e no propio lugar onde se pretende construír a balsa dan lugar aos humidais maiores de Oia; a maior parte destas augas verte cara ao leste, en dirección ao interior do Concello do Rosal, chegando a formar ríos perennes, entre eles o Tamuxe, que permitiu a construción da presa de Eiras. Na vertente atlántica -a que nos ocupa-, as augas superficiais só dan lugar a regatos escasos, de caudal mínimo e estacional, como o de Val de Aguieira, nas proximidades da obra proposta.

A construción da enorme balsa pretendida, nunha zona rochosa, supón inevitablemente unha inxente cantidade de voladuras, dado que a cota inferior da balsa se sitúa a 450 metros, o que implica unha profundidade de entre 25 e 30 metros. Estas voladuras permitirán construír a balsa pero, tamén inevitablemente, provocarán cambios imprevisibles nas vetas e nos microacuíferos. Tendo en conta que a balsa se sitúa no borde da vertente atlántica, estas voladuras poden facilmente obstruír multitude de vetas que dan orixe ás augas subterráneas das que se nutren os pozos de Santa María de Oia; a auga procedente da zona dos humidais vería dificultada a súa dirección cara á vertente atlántica, acentuándose a dinámica natural de dirixirse cara ao Rosal e diminuíndo o caudal que actualmente verte cara á vertente atlántica. Esta diminución provocaría un descenso significativo do nivel freático, secando numerosos pozos que abastecen as vivendas illadas, o depósito municipal de Santa María de Oia e as traídas que abastecen o Arrabal e A Riña. Se xa existen problemas estacionais durante o verán, unha diminución adicional do nivel freático derivaría nunha situación dramática.

Cómpre insistir en que existen multitude de vivendas habitadas na periferia do núcleo de Santa María de Oia: só nun radio de 250 metros hai nove vivendas, e o resto da parroquia atópase integramente a menos de 3 km da obra proposta.

As dimensións do problema poden chegar a ser extraordinarias. Debido ao cambio climático, asistimos a meses moi chuviosos e outros de auténtica seca: nos últimos meses, en Castro Vicaludo rexistráronse 1.367 litros entre outubro de 2025 e finais de xaneiro de 2026, mentres que a precipitación entre febreiro e xullo foi anormalmente baixa, con meses que non chegan nin a 15 litros.

A construción das tubaxes e da liña eléctrica soterrada prevista entre a zona de captación e a balsa esixirá, incuestionablemente, escavacións e voladuras que provocarán a obstrución ou destrución de múltiples vetas, incluso de microacuíferos, xa que os operarios non dispoñen de dato ningún sobre a súa localización.

A estes problemas hai que engadir un máis. Exactamente no centro da zona onde se prevé a succión de auga, por enriba ou por debaixo do nivel do mar segundo as mareas, existen dúas fontes de auga doce, resultado da apertura natural a ese nivel de varias vetas -destas fontes procede o topónimo do porto, Porto da Fonte das Mañas-. A súa ubicación móstrase na **figura 2** e unha vista xeral na **figura 3**, sendo aínda máis expresivos os vídeos que se achegan; ambas as fontes están no centro da área de extracción, e son visibles as vetas de forma inequívoca. Esta documentación gráfica foi realizada o 6 de agosto de 2026, e evidencia un caudal significativo tendo en conta que estamos en agosto e que desde febreiro a chuvia foi mínima.

Estas fontes son naturais, pero as obras da escollera e todas as necesarias para construír a zona de captación e a central soterrada adxacente producirán inevitablemente a rotura e consecuente succión das vetas próximas. No mellor dos casos, quedarían sen auga as nove vivendas situadas a menos de 250 metros da área de extracción; no peor escenario, cunha succión tan activa e continuada, as vetas horizontais que unen os microacuíferos poderían facer descender o nivel freático de toda a parroquia, situándoo ao nivel do mar, que é onde se sitúa a extracción.

A partir dos únicos datos fiables existentes, o subministro de auga potable na zona descansa nun sistema endeble e inestable, que pode quedar inviabilizado polas modificacións que resultarían da construción solicitada.



[Figura 2.- A liña azul mostra a ubicación da escollera proxectada no porto de Fonte das Mañas; as frechas azul e vermella sinalan a ubicación das fontes de auga doce existentes.]

[Figura 3.- Vista parcial dos nacentes de auga doce existentes na zona de extracción.]

5ª.– Inaceptable degradación do dominio público marítimo-terrestre na zona de extracción

O Porto das Mañas, lugar onde se pretenden executar as obras de captación e a central soterrada, posúe unha beleza obxectiva tal que motivou que, na última remodelación da estrada, se construíse alí o maior miradoiro existente (Miradoiro de Oia). O tamaño e a morfoloxía do Porto das Mañas fan que, para moitas persoas, este lugar sexa escollido diariamente para gozar da posta de sol; así foi publicitado no seu día polo Instituto Xeográfico Nacional, que publicou a fotografía que constitúe a **figura 4**.

[Figura 4.- Foto aérea do Porto Fonte das Mañas, tomada en 1980. A realidade actual é a mesma, salvo que agora existen nove vivendas, mentres que no momento da toma só había dúas, situadas xusto por enriba do porto. O Camiño de Santiago pola Costa discorre por un carril de uso conxunto para peóns e bicicletas adxacente á estrada que mostra a fotografía, actualmente ampliada. A ubicación do Miradoiro de Oia indícase pola área delimitada en azul.]

A memoria aportada polo promotor achega unha fotografía da zona onde se implantarán a zona de extracción de auga, a escollera e a central soterrada (foto 3.5, páx. 38 de 202), pero non sinala que esta fotografía está tomada desde o punto máis ao sur do amplo Miradoiro de Oia, exactamente no Camiño de Santiago pola Costa, que inclúe todo o miradoiro. Deste modo non se reflicte que a indubidable beleza e espectacularidade da vista desde o Camiño de Santiago se convertería nunha paisaxe degradada, na que todo o Porto das Mañas e as zonas limítrofes coa escollera e coa central soterrada desaparecerían, e a vista afastada da costa perdería valor paisaxístico de maneira significativa ao quedar en primeiro plano a destrución e substitución do terreo pola obra industrial.

Cómpre sinalar tamén unha imprecisión relevante na memoria: na figura 3.9 preséntase unha fotografía que se identifica como *"a vista do emprazamento da subcentral (SET) ao inicio da ladeira"*, cando en realidade o camiño amarelo que aparece en primeiro plano é o Camiño de Santiago -que nese punto discorre polo carril de uso conxunto peonil-bicicletas-, e ese punto correspóndese, precisamente, coa zona norte do amplo Miradoiro de Oia. A subcentral non sería visible desde aquí, xa que está adxacente á estrada pero si máis ao norte do tramo que mostra a fotografía; é a fotografía 3.4 a que corresponde realmente á zona da subcentral, onde se obxectiva a presenza dunha sinal de tráfico que non é visible na fotografía anterior.

Na fotografía da **figura 5** móstrase como a zona da escollera do Porto das Mañas se visualiza perfectamente desde os tramos do Camiño de Santiago situados a 500 metros do Mosteiro de Oia; a liña azul indica a visual, non interrompida pola costa, desde este punto do Camiño.



[Figura 5.- Superposición dos mapas 260-IV e 298-II do Mapa Topográfico Nacional de España.]

Desde o Miradoiro de Oia, o Camiño de Santiago discorre a unha altura de 50 metros ata chegar á ermida de San Sebastián, punto de interese relixioso-cultural do Camiño onde adoitan parar os peregrinos para aproveitar a sombra e o frescor da ermida. A escollera do porto proxectada sería visible desde todo o percorrido. Na fotografía da **figura 6** móstranse catro liñas visuais que van desde o Camiño de Santiago ao Porto Fonte das Mañas -a inferior correspondendo ao Miradoiro de Oia, e a superior á ermida de San Sebastián-; o rectángulo enmarcado en vermello correspóndese coa zona da escollera e da central soterrada.



[Figura 6.- Vista aérea do Instituto Xeográfico Nacional do Camiño de Santiago entre o Miradoiro de Oia e a ermida de San Sebastián.]

Coa execución do proxecto, a totalidade do Porto de Fonte das Mañas quedaría destruída de forma irreversible, e no seu lugar teriamos unha vista comparable á que se mostra na fotografía da **figura 7**, correspondente á zona da escollera da central de Okinawa tal e como era antes de ser desmantelada.

[Figura 7.- Vista da escollera construída da central de Yambaru na illa de Okinawa.]

Toda a costa entre Cabo Silleiro e a desembocadura do Miño está catalogada polo Instituto Geológico y Minero de España como Lugar de Interese Xeolóxico, precisamente polo seu valor xeolóxico -tal e como se comentaba ao falar da expresividade visual coa que se manifestan as fontes de auga doce existentes no mesmo lugar onde se pretende a captación de augas no Porto da Fonte das Mañas, e que poñen de manifesto os vídeos achegados-. A franxa costeira onde se executan as obras conta, ademais, cun recoñecemento oficial específico: a propia documentación dos proxectos admite a afección directa á Rede Natura 2000 (ZEPA ES0000554, corredor migratorio galaico-cantábrico); o visor oficial do Ministerio cartografía o hábitat mariño 1170 "Arrecifes" moi preto do trazado; e toda esta costa está catalogada como Lugar de Interese Xeolóxico (GM090), precisamente polo seu valor xeomorfolóxico -o mesmo tipo de valor que as obras van alterar de forma permanente-.

Son, ademais, transformacións xeomorfolóxicas irreversibles: unha vez construídas as balsas e realizadas as escavacións, non hai volta atrás posible.

6ª.– A execución do proxecto suporía unha alteración paisaxística e cultural incompatible cos postulados que sustentan a existencia do Camiño de Santiago Portugués da Costa e do curro da Valga

A memoria presentada pola empresa cualifica como nula a afectación ao Camiño de Santiago, argumentando que, aínda que este discorre entre a zona de extracción e a subcentral, non existe problema algún dado que as tubaxes van soterradas por debaixo do camiño. Trátase, en opinión deste Concello, dunha simplificación que non resulta suficiente para descartar o impacto real da actuación.

Na actualidade, o Camiño de Santiago é unha manifestación social maior, con implicacións relixiosas, turísticas e culturais. O Camiño clásico (o Francés) é un percorrido moi longo, que discorre ás veces por eriais e outras por montañas, e está xalonado por monumentos relixiosos de gran relevancia. O Camiño Portugués da Costa é radicalmente diferente: pode dicirse que só comparte co Francés o destino final; no seu conxunto é un camiño relativamente curto, discorre case sempre por zonas chás, e os monumentos relixiosos existentes son menores tanto en número como en entidade, a excepción do mosteiro. O seu principal atractivo reside en que percorrelo supón unha comuñón coa natureza.

Esta relación camiño-natureza é particularmente notoria nos 18 km do camiño que discorren polo Concello de Oia, un dos menos poboados de Pontevedra, o que permite unha experiencia máis plena. Contribúe decisivamente a facilidade e espectacularidade do trazado ao seu paso polo Concello: discorre sempre por cotas baixas, ben por cómodos sendeiros, ben polo carril compartido entre bicicletas e camiñantes, deixando á vista o mar á esquerda -con vistas á posta de sol todo o ano- e a montaña á dereita, con altitudes superiores aos 500 metros.

Alén das valoracións das guías de viaxe, o veredicto dos usuarios é claro: o Camiño Portugués da Costa é o terceiro máis elixido, tras o Francés e o Portugués Central. Segundo datos actualizados a 7 de agosto de 2026 da Oficina de Acollida ao Peregrino (oficinadelperegrino.com), o 19,27 % dos peregrinos elixen o Camiño da Costa, situándose só 2.451 peregrinos por detrás do Portugués Central. O crecemento do Camiño da Costa é ademais espectacular, mes a mes, de xeito que todo indica que as estatísticas de decembro de 2026 o situarán en segundo lugar. Hai presenza significativa de peregrinos de 27 países, ademais dos nacionais, e detéctase afluencia todos os meses do ano, cun incremento notable desde comezos de febreiro.

Douscentos metros ao sur da ubicación da obra existe un "xardín meditativo do camiñante", lugar que pretende aunar os aspectos espirituais e naturais do camiño. Tras este xardín atópase o Porto da Fonte das Mañas, onde se sitúa o Miradoiro de Oia, a 50 metros de altura -non debe confundirse este miradoiro con outro de igual denominación, situado a 400 metros e tamén afectado, tal e como se indica no punto 2.5.2 do Anexo que se acompaña-.

Desde o Miradoiro de Oia (véxase figura 4), o camiñante -que acaba de saír do xardín e que en menos de dous quilómetros chegará ao Mosteiro de Oia- vislumbra en días claros toda a costa ata a ría de Arousa, tendo aos seus pés unha vista completa do Porto Fonte das Mañas. Coa execución do proxecto proposto, esta comuñón do camiñante coa natureza resultaría gravemente danada: desde o miradoiro xa non se vería o porto, totalmente destruído, senón unha escollera que o circunda (figura 7), impedindo por completo gozar da súa morfoloxía, e as instalacións dunha central eléctrica ruidosa. No camiño cara ao Mosteiro, o camiñante vería impactado polas instalacións da subcentral eléctrica, situada xusto ao outro lado do camiño; e desde tres quilómetros antes, tras pasar polas instalacións previstas no proxecto de Portocelo (zona de captación e subcentral), tería á súa dereita, de forma

constante durante tres quilómetros, as vistas da liña eléctrica de alta tensión que une ambas subcentrais.

No punto anterior demostrouse como a escollera proxectada se ve tanto antes como despois do Mosteiro de Oia (figuras 5 e 6). Na figura 18 (páxina 36 do documento Anexo) móstrase como, desde o Miradoiro de Oia elevado -lugar de camiños usados polos sendeiristas-, se apreciaría claramente a escollera como un elemento disruptivo da liña da costa.

A longa duración das obras (dous anos) e a súa envergadura non só supoñen unha molestia para os habitantes de Oia. Durante ese período, os peregrinos percorrerán un ambiente de obras, e ao longo de polo menos sete quilómetros verán o camiño cortado con frecuencia durante longos períodos, percibirán voladuras, ruído intenso, po abundante e todas as realidades que acompañan unha obra desta magnitude -circunstancia que, previsiblemente, se difundirá con rapidez nos foros de internet e podería reducir de forma notable a peregrinaxe-.

O Camiño Portugués entra en Galicia por A Guarda, procedente de Caminha (por ferry ou barca) ou por Vila Nova de Cerveira (polo ponte sobre o Miño); o Portugués Central faino por Tui. Ambos comparten todas as etapas a partir de Redondela. Se o Camiño Portugués da Costa se degrada ao seu paso por Oia, é razoable prever que parte do turismo se desvíe polo Camiño Central que vén desde Lisboa, mesmo aqueles que veñan pola costa portuguesa ata Vila Nova de Cerveira, que se desviarían para tomar en menos de 20 km, en Tui, o Camiño Central.

Unha vez rematadas as obras, é previsible que o peregrino siga preferindo esta opción, dado que discorre por paisaxes de gran beleza bordeando o río Miño, tanto pola beira española como pola portuguesa. Non resulta lóxico que o camiñante elixa un trazado con paisaxe industrial, e a perda desde o punto de vista relixioso-monumental sería limitada: aínda que se perdería o Mosteiro de Santa María a Real de Oia, gañaríanse os importantes monumentos da cidade de Tui, así como as etapas ao norte de Oia ata Redondela pasando por Baiona, Nigrán e Vigo -zona xa considerablemente máis modificada e con importantes núcleos de poboación-. Nada impide, ademais, que o peregrino que queira visitar Vigo se desvíe antes de Redondela para incluír a visita á cidade e á súa ría.

A **figura 8** mostra, a título ilustrativo, unha fotografía tomada o 9 de agosto de 2026 a só 25 metros ao norte do extremo do Miradoiro de Oia: unha parella de peregrinos, coas súas mochilas ao lombo, goza da presenza dos cabalos cos que interactúan nun entorno rural e natural moi pouco modificado. É esta realidade a que a execución do proxecto vería alterada de forma substancial.

[Figura 8.- Peregrinos no Camiño de Santiago no tramo existente entre o Miradoiro de Oia e o lugar onde se pretende construír a subcentral prevista no proxecto.]

Non se pode autorizar un uso do dominio público marítimo-terrestre que conduza a que o Camiño de Santiago se desvirtúe e perda atractivo para un turismo nacional e internacional no que son cada vez máis frecuentes os peregrinos procedentes de países tan afastados como Corea do Sur e Xapón, onde as peregrinacións constitúen unha seña de identidade relixioso-cultural para a maioría da cidadanía -de feito, unha das máis importantes peregrinacións de Xapón, a que ten o seu centro en Koyasan, está hermanada co Camiño de Santiago-.

En canto ao curro da Valga, o risco é equivalente, e resultan aplicables as consideracións anteriores sobre o impacto no Camiño de Santiago: a manifesta e evidente proximidade entre o recinto do curro e a ubicación da balsa proxectada desvirtuaría a experiencia. A zona é, naturalmente, completamente virxe e, de feito, recentemente considerouse paisaxisticamente inaceptable situar alí unha rede de muíños eólicos -proxecto de maior viabilidade e sustentabilidade que o agora proposto-, cuestión que se explica amplamente no documento Anexo, punto 2-3. De construírse a balsa, os espectadores verían a recollida dos cabalos e a súa condución durante quilómetros ata o curro -lugar de reunión final de todos os animais- non nun ambiente natural, senón tendo como fondo a inmensa balsa de auga salgada, tamén visible desde o propio recinto do curro.

7ª.– Afectación paisaxística, cultural e natural significativa, con gran impacto sobre a fauna, especialmente os garranos (cabalos salvaxes)

A gran cantidade de elementos afectados obrigou, para facilitar a axilidade lectora, a que estes sexan tratados no documento Anexo, nunha multiplicidade de alegacións extensas e documentadas que se ubican nos puntos 2.4, 2.5, 2.6 e 2.7 do citado Anexo.

8ª.– Inexactitude reiterada dos datos da memoria sobre as vivendas afectadas polo proxecto

No apartado no que se consideran as edificacións existentes nun radio de 250 metros, a memoria afirma (páxina 472), sen achegar datos pero aducindo que se basea nos existentes no Catastro, que só existen oito edificacións e que unicamente unha delas é residencial.

Esta afirmación non se corresponde coa realidade. Só nun radio de 100 metros existen tres vivendas que veñen sendo usadas de forma continuada, todas elas desde hai máis de 30 anos, e dúas constitúen o domicilio habitual dos seus propietarios. No rango de 250 metros, que a memoria fixa como área de afectación, existen un total de nove vivendas.

Todas estas vivendas son perfectamente identificables na foto satélite que se mostra na figura 21 do documento Anexo (páxina 42). Na **figura 9** deste escrito detállase a ubicación de todas elas nunha vista aérea máis próxima.

[Figura 9.- Os puntos amarelos sinalan a ubicación das vivendas que se atopan nun radio de 250 m da obra proxectada. A frecha vermella sinala a posición do Porto Fonte das Mañas.]

Esta imprecisión repítese e preténdese xustificar cunha segunda: na páxina 473 a memoria incorpora unha figura (a 20) na que se marcan en amarelo as edificacións, sen sinalar a existencia de oito das nove vivendas e recoñecendo unicamente a máis afastada.

Os datos que a memoria achega sobre superficie total construída resultan igualmente inexactos: só sumando o total edificado de dúas das vivendas xa se superan os 500 m².

9ª.– Ausencia ou deficiencia na memoria de datos imprescindibles

O impacto sobre a calidade sonora (páxina 166 da memoria) despáchase en escasas liñas, baleiras de contido, nas que se nega o posible impacto sen achegar nin un só dato que xustifique tal afirmación.

Os niveis de ruído que provocan as subestacións son recoñecidos polas propias operadoras eléctricas. Cando existen máquinas de potencia, xa sexan transformadores ou reactancias, os niveis de presión sonora no contorno inmediato das máquinas sitúanse entre 75–80 dB(A) cos ventiladores apagados e arredor de 80–85 dB(A) cos ventiladores en funcionamento, medidos a 1 metro de distancia. Estes valores atenúanse coa distancia, razón pola que estas instalacións se sitúan lonxe de zonas habitadas (https://www.ree.es/es/sostenibilidad/integracion-territorio/reduccion-ruido).

Xa se sinalou que nun radio de 250 metros, medido desde o punto de extracción no Porto das Mañas, existen nove vivendas; pero nun radio de 500 metros da subestación proxectada existen 22 vivendas.

Outras deficiencias significativas explícanse nas alegacións presentes no documento Anexo, apartado 2.8.

10ª.– Xestión de residuos e movementos de terras manifestamente infravalorados na memoria

O proxecto adoece dunha avaliación insuficiente e manifestamente deficiente dos movementos de terras e da xestión dos materiais sobrantes que xerará a execución da central.

A información achegada na memoria (pax. 61) limítase practicamente a unha táboa dunha páxina, na que se consignan determinados volumes de escavación e recheo e se afirma, en numerosos casos, que o «material sobrante = 0», mediante a súa suposta reutilización noutras partes da obra. Porén, non se achega unha estimación suficientemente xustificada, detallada e verificable dos volumes realmente escavados, da súa natureza, clasificación, destino e trazabilidade.

Esta carencia resulta especialmente relevante nunha actuación das dimensións proxectadas. A propia balsa presenta unha superficie aproximada de 15 hectáreas e unha profundidade da orde de 25-30 metros, polo que a magnitude dos movementos de terras potencialmente asociados á súa execución resulta moi considerable e non pode quedar adecuadamente caracterizada mediante unhas simples cifras globais e compensacións internas.

Como peche da exposición das alegacións formuladas e para completar os aspectos técnicos e ambientais nelas sinalados, cómpre facer referencia ao Anexo que se acompaña ao presente escrito. Co obxecto de facilitar a súa lectura, e sen prexuízo das dez alegacións troncais desenvolvidas neste documento, este Concello encargou á empresa especializada TYSGAL Medioambiente, S.L. a elaboración do devandito Anexo, no que se recolle unha análise técnica complementaria da documentación do proxecto.

Este Anexo inclúe unha exposición documentada e unhas consideracións (puntos 1, 2.1, 2.2 e 2.3) que poñen de manifesto as incongruencias e imprecisións detectadas na memoria, así como unha serie de alegacións adicionais recollidas nos puntos 2.4, 2.5, 2.6, 2.7 e 2.8.

Tanto as alegacións como os considerandos e as conclusións do documento Anexo son compartidos e sustentados por este Concello, que os dá por reproducidos xunto cos explicitados anteriormente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

A Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, configura o dominio público marítimo-terrestre como un ben de titularidade estatal suxeito a un réxime de especial protección, recoñecendo no seu artigo 3.1 o dereito de todos os cidadáns a gozar libremente da ribeira do mar. Por este motivo, calquera petición de utilización privativa ou singularizada dese dominio debe ser obxecto dunha valoración especialmente rigorosa por parte da Administración, que non pode limitarse a comprobar a compatibilidade formal da actuación co réxime de usos permitido, senón que debe estender o seu xuízo á incidencia efectiva do proxecto sobre os valores ambientais, paisaxísticos, naturais, sociais e de uso público asociados ao litoral.

Este criterio xeral de interpretación restritiva debe aplicarse, ademais, de forma integrada co establecido pola Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, que desenvolve un marco específico de protección, ordenación e xestión do litoral galego, e cuxos principios e fins -recollidos nos artigos 1.2 e 3- resultan de aplicación transversal a todos os fundamentos que se expoñen a continuación.

É dentro deste marco xeral de protección reforzada do demanio costeiro onde deben situarse e valorarse conxuntamente os motivos de nulidade e denegación que se desenvolven nos seguintes fundamentos

Primeiro.- Nulidade da tramitación separada por fragmentación artificiosa do proxecto. Unidade de actuación determinada pola utilización dunha mesma liña de evacuación eléctrica.

O Tribunal Supremo ten fixado, xa dende antigo, unha doutrina consolidada sobre o carácter unitario dos proxectos de xeración enerxética que comparten infraestruturas esenciais, e sobre a ilegalidade da súa fragmentación artificial en expedientes separados coa finalidade de eludir a avaliación conxunta do seu impacto. Así o establece a **STS n.º 556/2017, do 30 de marzo**, que reitera a doutrina xa fixada nas SSTS do 20 de abril de 2006 e do 5 de xuño de 2007: cando varias instalacións comparten unha

infraestrutura esencial -sinaladamente, a **liña de evacuación** da enerxía xerada-, deben ser consideradas, a efectos xurídicos, un proxecto único, resultando irrelevante que se presenten formalmente como expedientes autónomos. Esta doutrina sinala expresamente que a avaliación ambiental debe abordar o conxunto unitario do proxecto, **sen que un déficit de avaliación conxunta poida paliarse *a posteriori* mediante simples estudos de efectos sinérxicos ou acumulativos**, por canto estes últimos presupoñen, precisamente, a existencia de proxectos distintos, e non poden substituír a valoración unitaria que esixe un proxecto único fragmentado.

Esta doutrina foi obxecto de matización, mais non de abandono, pola xurisprudencia máis recente da Sala Terceira (SSTS 316/2025, do 21 de marzo -rec. 7213/2023, caso "Campelo"- e 651/2026, do 27 de maio -caso "Bustelo"-, que reitera expresamente a doutrina da anterior por identidade de obxecto e de cuestión casacional). Segundo esta xurisprudencia máis recente, o feito de que varias instalacións compartan **instalacións de conexión** -entendidas como elementos terminais comúns, tales como unha subestación final ou un tramo final de evacuación conxunta- non comporta, por si só e de maneira ineludible, que deba apreciarse a existencia dun proxecto único, sempre que cada instalación conserve **capacidade de funcionamento separado**: accesos propios, ausencia de continuidade física entre elas e, sobre todo, **liña propia de saída da enerxía xerada** ata o punto onde se produce a conexión ou compartición común. Este mesmo criterio -capacidade de funcionamento separado como fronteira entre compartición lícita e unidade de proxecto- foi recollido expresamente polo lexislador galego no artigo 39 da Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Cómpre subliñar que ambas liñas xurisprudenciais, lonxe de ser contraditorias, son perfectamente complementarias e conflúen no mesmo elemento determinante: **a existencia ou non dunha liña de evacuación propia e autónoma para cada instalación**. Cando cada proxecto conta coa súa propia liña de saída e só comparte un tramo final ou unha subestación común -suposto valorado nos asuntos Campelo e Bustelo-, a xurisprudencia máis recente admite a tramitación separada. Pero cando, pola contra, unha instalación **carece por completo de liña propia** e depende enteiramente da infraestrutura de evacuación doutra para poder verquer a súa enerxía á rede -suposto que constitúe precisamente o núcleo da doutrina fixada na STS 556/2017 e nos seus precedentes-, non cabe apreciar autonomía funcional ningunha, e resulta plenamente aplicable a doutrina que impón a tramitación e avaliación conxuntas.

É exactamente este segundo suposto o que concorre no presente caso. Non nos atopamos ante dous proxectos que comparten un tramo final de evacuación conservando cadanseu tendido propio, senón ante unha **identidade substancial de liña de evacuación**: segundo recoñecen as propias memorias presentadas separadamente polos promotores, a liña de evacuación eléctrica do proxecto de Portocelo (Concello do Rosal, expediente CONC-PO-2026-011, tamén sometido actualmente a información pública) **remata directamente** na subestación da central de Fonte das Mañas, o que significa que Portocelo non podería evacuar a enerxía producida se non se executase tamén o proxecto de Fonte das Mañas *(véxase pax. 136 memoria proxecto Portocelo: - Línea A.T. 30 kV entre CHR Portocelo-Subestación 220/30 kV CHR Fonte das Mañas, consistente en una línea aérea de unos 4 km de longitud. Esta línea serían de nueva ejecución. - Subestación 220/30 kV CHR Fonte das Mañas. Infraestructura de conexión compartida con la CHR Fonte das Mañas (proyecto independiente), en el término municipal de Oia).*

Portocelo non ten, polo tanto, capacidade de funcionamento separado nin liña propia de saída: non podería, en ningún caso, evacuar a enerxía producida sen empregar a infraestrutura de Fonte das

Mañas. Trátase, en definitiva, do mesmo suposto de utilización dunha liña de evacuación común e esencial que a STS 556/2017 -e a xurisprudencia que esta reitera- cualifica como determinante da unidade do proxecto, e non do suposto de mera compartición dun tramo final que a xurisprudencia de 2025-2026 considera compatible coa autonomía funcional.

A isto hai que engadir que, conforme á propia doutrina da STS 556/2017, esta deficiencia **non pode ser subsanada** mediante a incorporación de estudos posteriores sobre efectos acumulativos ou sinérxicos entre ambos proxectos, por canto os mesmos parten da premisa, aquí desvirtuada, de que se trata de dous proxectos autónomos cuxos efectos simplemente se suman ou interactúan, cando o que en realidade concorre é un único proxecto artificialmente fragmentado en dous expedientes.

En consecuencia, procede que o órgano actuante aprecie a fragmentación artificiosa denunciada dos expedientes de Fonte das Mañas (CONC-PO-2026-010) e Portocelo (CONC-PO-2026-011)-, por constituír, en realidade, unha única actuación enerxética, denegando en definitiva a concesión de ocupación do dominio público marítimo-terrestre para o expediente Fonte das Mañas (CONC-PO-2026-010).

Segundo.- Ausencia do estudo hidroxeolóxico preceptivo. Incumprimento do artigo 59 da Lei de Costas e do artigo 122 do Regulamento Xeral de Costas.

O artigo 59 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, establece de forma imperativa:

> *"En aquellos casos en que el vertido pueda propiciar la infiltración o almacenamiento de sustancias susceptibles de contaminar las aguas o capas subterráneas se requerirá la previa realización de un estudio hidrogeológico que justifique su inocuidad."*

Esta esixencia é desenvolvida polo artigo 122 do Real decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas, baixo a rúbrica "Estudio hidrogeológico del vertido", nos mesmos termos: naqueles casos en que o vertido poida propiciar a infiltración ou o almacenamento de substancias susceptibles de contaminar as augas ou capas subterráneas, requirirase a previa realización dun estudo hidroxeolóxico que xustifique a súa inocuidade.

Trátase dun requisito **regrado e de contido obxectivamente verificable e que debe interpretarse como requisito de procedibilidade**: ou o estudo se achega ou non se achega. Non admite substitución por afirmacións xenéricas do promotor, por moi convencidas que estas se presenten.

No presente caso, o proxecto contempla a captación de auga mariña, o seu transporte, o seu almacenamento nunha balsa situada a considerable altitude e a súa posterior restitución ao medio mariño na mesma zona de captación. A memoria presentada limítase a afirmar que:

"En condicións normais o principal vertido de augas que se produce é a restitución da auga mariña. Debido ás características do proxecto, que restitúe a mesma auga que toma pasadas unicamente unhas horas, as súas características físico-químicas serán moi similares ás do mar no seu estado natural".

Esta afirmación **non constitúe, en ningún caso, o estudo hidroxeolóxico esixido pola norma**. É unha mera predición non xustificada cientificamente, que omite por completo:

- As posibles modificacións físico-químicas que a auga pode experimentar durante a súa permanencia na balsa aberta, en contacto con materiais, superficies e sedimentos distintos aos do seu medio natural.
- A posibilidade de migración da auga e dos compostos presentes nela a través dos materiais estruturais e do terreo circundante, cuestión especialmente relevante tendo en conta que na central de Okinawa -único precedente comparable citado na propia memoria- xa se produciron episodios documentados de filtracións, coa afección que isto pode supoñer as augas subterráneas.
- E, sobre todo, a existencia documentada de **nacementos de auga doce na propia zona de captación e restitución**, cuxa presenza -visible a simple vista e acreditada fotograficamente por este Concello con data 6 de agosto de 2026- tería que ser necesariamente observada durante calquera traballo de campo mínimamente dilixente realizado pola promotora sobre a zona de extracción.

A concorrencia destes nacementos de auga doce nunha zona onde se pretende executar unha escollera, unha central soterrada e un punto de captación mariña **converte a realización do estudo hidroxeolóxico en presuposto ineludible**, xa que é precisamente o suposto que o artigo 59 da Lei de Costas e o artigo 122 do RGC contemplan: risco certo de infiltración ou interacción entre o vertido e as capas subterráneas de auga doce inmediatas.

A ausencia deste estudo non pode cualificarse como unha simple omisión menor susceptible de subsanación posterior sen consecuencias sobre a tramitación: constitúe unha **carencia substancial da documentación mínima esixida** para que a Administración poida formar unha vontade fundada sobre o outorgamento da concesión, e impide, por si soa, valorar positivamente a solicitude presentada.

Por todo o exposto, e en relación co artigo 152.8 do Regulamento Xeral de Costas, procede que se **denegue** a solicitude de concesión mentres non se achegue o estudo hidroxeolóxico preceptivo que xustifique a inocuidade do vertido sobre as augas subterráneas da contorna, sen prexuízo de que, de resultar acreditado que tal estudo nin sequera foi realizado pese á evidencia visible dos nacementos, tal circunstancia deba ser posta en coñecemento dos órganos competentes en materia de disciplina ambiental.

Terceiro.- Incumprimento do artigo 32.1 da Lei de Costas e do artigo 48.3 da Lei 4/2023. Falta de acreditación da necesidade de ubicación no dominio público marítimo-terrestre e da inexistencia de alternativas viables.

O artigo 32.1 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, establece a regra nuclear que rexe calquera ocupación do demanio costeiro:

> *"Unicamente se podrá permitir la ocupación del dominio público marítimo-terrestre para aquellas actividades o instalaciones que, por su naturaleza, no puedan tener otra ubicación".*

Esta mesma esixencia é reproducida e desenvolvida polo artigo 48.3 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, e resulta completada polo réxime de mínima ocupación establecido nos artigos 60 e 61 do Regulamento Xeral de Costas (RD 876/2014): o primeiro

confirma que os usos que requiran obras e instalacións só poden ampararse no correspondente título habilitante (leis, regulamentos ou normas aprobadas conforme á Lei 22/1988, de 28 de xullo); o segundo esixe expresamente que a ocupación outorgada sexa, en todo caso, **a mínima posible**.

A xurisprudencia da Sala Terceira do Tribunal Supremo ten precisado, dun xeito constante, o alcance desta esixencia. Xa a **STS do 17 de xullo de 2003** advertiu que o precepto non se refire a calquera actividade que, por razóns legais ou materiais, non poida instalarse noutro sitio, senón especificamente a actividades "**de una naturaleza determinada**", é dicir, aquelas cuxa propia natureza impón a súa ubicación no dominio público marítimo-terrestre e non noutro lugar calquera. Esta doutrina foi reiterada pola **STS do 16 de febreiro de 2017** (RC 383/2016, FD 8º), que precisa que se trata de actividades que, pola súa configuración e características especiais, deben estar ubicadas no demanio costeiro "**no por razones de interés o conveniencia, sino por su vinculación con el dominio público, vinculación que exige su ocupación en el desarrollo de la citada actividad**"; e pola **STS do 31 de marzo de 2017** (RC 819/2015), no mesmo sentido. Xa antes, a **STS do 19 de outubro de 2009** (RC 446/2007) advertira que "**no basta con que resulte propicia o ventajosa la ubicación de las actividades e instalaciones en ámbito del demanio; es imprescindible la justificación de que éstas, por su naturaleza, no pueden tener otra ubicación**".

Desta doutrina consolidada derívase que a carga de xustificar cumpridamente esa vinculación necesaria co demanio -e non a mera conveniencia ou vantaxe da ubicación elixida- corresponde a quen pretende a ocupación, sen que a Administración poida suprir tal carencia mediante presuncións favorables ao promotor.

Esta carga non foi satisfeita no presente expediente. A documentación achegada limítase a describir o proxecto na súa ubicación elixida, sen incorporar:

- Unha análise comparativa real de emprazamentos alternativos para os elementos terrestres do proxecto —balsa, subestación, trazado das condución—, máis alá da zona de captación mariña que, por definición, require contacto directo co mar.
- Unha xustificación específica de por que a central soterrada e a escollera necesitan situarse precisamente no Porto da Fonte das Mañas, e non noutro punto da costa con menor valor paisaxístico, natural ou de uso público acreditado.
- Unha xustificación da **mínima ocupación** esixida polo artigo 61 RGC, tendo en conta que, como se acreditou no Fundamento 1º, o proxecto forma parte dunha actuación de maior envergadura xunto con Portocelo, circunstancia que multiplica a superficie e a lonxitude de costa realmente afectadas por riba do que reflicte, illadamente, a memoria de Fonte das Mañas.

A esta insuficiencia hai que engadir unha cuestión adicional, directamente relacionada coa natureza da instalación: o artigo 48.3 da Lei 4/2023 identifica determinados supostos nos que a ocupación do litoral pode xustificarse pola propia natureza da actividade, entre eles certas infraestruturas enerxéticas e instalacións de xeración renovable que necesariamente deban ocupar o mar. Agora ben, conforme á doutrina exposta, **a mera cualificación formal do proxecto como instalación de 'enerxía renovable' non exonera do cumprimento do requisito esencial de vinculación necesaria co demanio**, nin converte automaticamente calquera instalación de almacenamento enerxético en uso necesario do

dominio público. No caso examinado, trátase dunha instalación de almacenamento mediante bombeo cuxa función económica e enerxética depende, en última instancia, dunha fonte externa de electricidade para elevar a auga do mar ata a balsa. Por iso, tal e como se expuxo na alegación 1ª deste escrito, resultaría esixible que a promotora acreditase especificamente cal é a fonte enerxética que alimentará o bombeo, que parte desa enerxía terá orixe renovable efectivamente dispoñible na contorna -téndose en conta que, a día de hoxe, ningún proxecto eólico foi autorizado na serra da Groba-, e cal é, en consecuencia, a necesidade real de situar no demanio marítimo-terrestre os elementos que se pretenden implantar, e en particular, no emprazamento de Fonte das Mañas. A falta desta acreditación específica reforza, e non debilita, a conclusión de que non se cumpriu a esixencia do artigo 32.1 da Lei de Costas.

En consecuencia, ao non quedar xustificada nin a vinculación necesaria co dominio público marítimo-terrestre nin a inexistencia de alternativas técnica e economicamente viables, nin a mínima ocupación esixida regulamentariamente, procede que se denegue a concesión solicitada por incumprimento dos artigos 32.1 da Lei 22/1988, de Costas, e 48.3 da Lei 4/2023.

Cuarto.- Deficiencia substancial do proxecto básico. Insuficiencia da documentación esixida polos artigos 42 da Lei de Costas e 88 do Regulamento Xeral de Costas.

O artigo 42 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, esixe que, para resolver sobre a ocupación ou utilización do dominio público marítimo-terrestre, exista un **proxecto básico** que fixe con precisión as características das instalacións e obras e a extensión da zona ocupada, engadindo que, cando as actividades poidan producir unha alteración importante do dominio público, será necesaria unha previa avaliación dos seus efectos. Este mandato é desenvolvido polo artigo 88 do Regulamento Xeral de Costas (RD 876/2014, do 10 de outubro), que concreta o **contido mínimo obrigatorio** do proxecto básico, esixindo, entre outros elementos, información fotográfica veraz do emprazamento, a determinación da posible afección á Rede Natura 2000 e, cando proceda, o correspondente estudo bionómico.

Trátase, en consecuencia, dun requisito de **contido documental regrado**: a Administración non pode formar unha vontade fundada sobre unha solicitude cuxo proxecto básico non cumpra estes mínimos, con independencia da valoración de fondo que mereza cada aspecto concreto do proxecto.

No presente expediente, a documentación presentada incorre en **carencias e inexactitudes que afectan directamente ao contido mínimo esixido**, das cales se destacan as seguintes tres, xa desenvolvidas con detalle noutros puntos deste escrito e que aquí se retoman unicamente na súa dimensión de incumprimento documental regrado:

a) Censo de vivendas e edificacións afectadas manifestamente inexacto. A memoria afirma (páxina 472), sen achegar datos e aducindo apoiarse no Catastro, que só existen oito edificacións nun radio de 250 metros e que unicamente unha delas é residencial. Esta afirmación resulta desmentida pola comprobación directa sobre o terreo e pola foto satélite achegada por este Concello (alegación 8ª e figura 9 do presente escrito): **existen nove vivendas nun radio de 250 metros -tres delas dentro dos 100 metros, usadas de forma continuada desde hai máis de trinta anos- e vinte e dúas vivendas nun radio de 500 metros da subestación proxectada**. Esta discrepancia non é unha cuestión menor ou de

matiz cartográfico: o artigo 88 RGC esixe información fotográfica veraz precisamente para que a Administración poida valorar con exactitude a incidencia da actuación sobre a poboación e as edificacións da contorna, e unha caracterización residencial errónea nun 800% (unha vivenda recoñecida fronte a nove reais no mesmo radio) impide, por definición, que ese xuízo se poida formar correctamente.

b) Ausencia de estudo do impacto acústico sobre a poboación identificada. O apartado da memoria relativo á calidade sonora (páxina 166) despáchase en escasas liñas sen achegar dato técnico ningún que xustifique a afirmación de ausencia de impacto, pese a que os niveis de presión sonora recoñecidos polas propias operadoras eléctricas para subestacións e transformadores -entre 75 e 85 dB(A) a un metro de distancia, segundo datos publicados por Red Eléctrica de España- fan imprescindible unha avaliación específica cando, como aquí sucede, existen vinte e dúas vivendas nun radio de 500 metros da instalación. A ausencia desta avaliación, xunto coa falta de identificación correcta das vivendas afectadas sinalada na letra a), impide valorar un dos efectos máis directos e cotiáns da instalación sobre a calidade de vida da poboación residente.

c) Ausencia do estudo hidroxeolóxico do vertido e insuficiencia da xustificación da procedencia enerxética do bombeo. Ambas carencias foron xa obxecto de desenvolvemento pormenorizado nos Fundamentos 2º e 3º deste escrito, aos que expresamente nos remitimos, e que aquí se reiteran unicamente como manifestacións adicionais dun mesmo patrón de insuficiencia documental xeneralizada que afecta ao proxecto básico na súa integridade.

d) Ausencia de valoración do risco sobre o abastecemento de auga potable da poboación por alteración do nivel freático. A memoria non contén análise ningunha sobre os efectos que as voladuras, escavacións e a succión continuada de auga mariña na zona de captación poidan producir sobre a dinámica das augas subterráneas das que depende en exclusiva o abastecemento da parroquia de Santa María de Oia, cuestión distinta da relativa á inocuidade do vertido tratada na letra c) e que se desenvolve con detalle no Fundamento 6º deste escrito, ao que nos remitimos. Esta omisión resulta especialmente grave tendo en conta que se trata dun efecto potencialmente **irreversible sobre un servizo esencial** -o abastecemento de auga a preto de 500 veciños-, e que a única información científica dispoñible sobre a materia (o estudo hidroxeolóxico da Universidade da Coruña, 2013-2017) non foi sequera mencionada nin contrastada pola promotora.

e) Insuficiente xustificación do balance de terras e da xestión dos materiais xerados

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, esixe que a documentación ambiental permita identificar e, cando proceda, cuantificar os efectos previsibles do proxecto, incluídos os derivados dos movementos de terras e da xeración de residuos.

Pola súa banda, o Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, establece a necesidade de estimar as cantidades de residuos xerados e prever as operacións de reutilización, valorización ou eliminación correspondentes.

Non se pretende esixir ao proxecto básico o nivel de definición propio dun proxecto de execución, senón que a documentación ambiental debe conter información suficiente para permitir valorar a magnitude dos movementos de terras e os seus efectos ambientais. As simples cifras globais de escavación e recheo e a súa compensación entre distintas unidades da obra non permiten, por si soas,

verificar que os materiais escavados sexan efectivamente aptos e suficientes para os usos previstos nin descartar a xeración de excedentes.

A ausencia de calquera das esixencias mínimas do artigo 4.1.a) do RD 105/2008 -cuantificación, codificación LER, operacións concretas de destino, planos e orzamento- constitúe unha carencia documental regrada tan grave, cando menos, como as xa sinaladas nas letras a) a d) deste Fundamento, e impide á Administración valorar un dos efectos máis directos e materialmente relevantes de toda a actuación.

A concorrencia simultánea destas **seis carencias** -censo residencial, impacto acústico, estudo hidroxeolóxico do vertido, xustificación enerxética e valoración do risco sobre o abastecemento de auga potable, residuos- non pode cualificarse como un conxunto de defectos formais illados e susceptibles de corrección menor, senón que revela unha **insuficiencia estrutural e xeneralizada** do proxecto básico presentado

A isto hai que engadir que a Administración non pode resolver sobre a base de afirmacións prospectivas e non acreditadas do promotor cando, como sucede no presente caso, existen datos contraditorios documentados por unha Administración local -este Concello- e elementos materiais directamente observables e verificables sobre o terreo (ás nove vivendas nun radio de 250 metros, os vinte e dous vivendas nun radio de 500 metros, os nacementos de auga doce fotografados e datados).

En consecuencia, e sen prexuízo de que a Administración poida requirir a subsanación destas carencias conforme ao procedemento xeral, procede que se **deniegue** a concesión solicitada por incumprimento dos artigos 42 da Lei de Costas e 88 do Regulamento Xeral de Costas, ao non reunir a documentación presentada o contido mínimo esixido para valorar adecuadamente os efectos da actuación sobre o dominio público marítimo-terrestre e a súa contorna.

Quinto.- Accesoriedade da concesión demanial respecto da autorización sectorial enerxética. Prematuridade da resolución.

A concesión de ocupación do dominio público marítimo-terrestre que aquí se solicita ten carácter **instrumental** respecto da instalación de xeración eléctrica á que serve: non se trata dun fin en si mesma, senón dun título habilitante accesorio e necesario para a execución dunha actividade enerxética que require, á súa vez, autorización administrativa sectorial propia.

De estimarse a unidade funcional denunciada no Fundamento 1º deste escrito -a identidade substancial de liña de evacuación entre os proxectos de Fonte das Mañas e Portocelo-, a potencia agregada de ambas actuacións aproxímase aos 100 MW, superando amplamente o limiar de 50 MW que, conforme ao artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, e á súa normativa regulamentaria de desenvolvemento, determina a competencia da Administración Xeral do Estado para autorizar as instalacións eléctricas de xeración.

Sen prexuízo de que esta cuestión competencial deba dirimirse, en última instancia, no procedemento sectorial de autorización enerxética correspondente -e non neste expediente de ocupación demanial, cuxa competencia autonómica non se cuestiona-, resultaría **xuridicamente prematuro** outorgar o título

demanial accesorio antes de que quede resolta, pola autoridade sectorial que en cada caso resulte competente, a autorización administrativa da instalación de xeración á que aquel serve. Conceder agora a concesión de ocupación suporía anticipar un pronunciamento sobre un proxecto cuxa cobertura sectorial primaria podería resultar, total ou parcialmente, viciada por falta de competencia do órgano que a outorgase.

En consecuencia, solicítase que se denegue a autorización solicitada.

Sexto.- Risco para o abastecemento de auga potable da poboación. Aplicación do principio de precaución e prevalencia da garantía de subministración fronte a unha actividade privada de almacenamento enerxético.

a) O principio de precaución como criterio decisorio ineludible ante incertezas científicas relevantes non resoltas.

O artigo 4 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, establece que a ordenación do litoral e a toma de decisións sobre os usos e actividades que nel se desenvolvan deben basearse no enfoque ecosistémico e na xestión integrada, respectando expresamente os principios de desenvolvemento sostible, **precaución ou cautela**, prevención, non regresión, quen contamina paga, e utilización das mellores e máis recentes evidencias científicas dispoñibles.

Este principio adquire especial relevancia no presente expediente porque a cuestión esencial formulada por este Concello -a posible afección do proxecto ao sistema hidroxeolóxico que abastece a poboación- **non está cientificamente resolta** pola documentación presentada polo promotor, que nin sequera a menciona nin a contrasta. Non é xuridicamente admisible transformar a ausencia de coñecemento científico suficiente nunha presunción favorable á execución da obra: pola contra, cando existen indicios razoables e documentados de que unha actuación pode producir danos graves ou irreversibles sobre un recurso esencial -como aquí sucede coas augas subterráneas destinadas ao abastecemento humano-, o principio de precaución impón que a incerteza sexa **resolta antes da autorización**, e non que o risco sexa trasladado á poboación unha vez executadas as obras.

A intensidade desta esixencia resulta directamente proporcional á gravidade dos danos potenciais. E no presente caso concorren simultaneamente todas as circunstancias que a xustifican en grao máximo: trátase dun dano potencial **grave** (perda dun servizo esencial para a vida cotiá), **territorialmente extenso** (afecta a totalidade da parroquia de Santa María de Oia e potencialmente a un número de veciños próximo aos 500), **dificilmente reversible** (unha vez alteradas as vetas e microacuíferos mediante voladuras e escavacións, non existe posibilidade técnica razoable de restauración), e **imposible de reparar mediante simples medidas correctoras posteriores**, xa que non existe rede de interconexión ningunha entre o sistema municipal, as traídas veciñais e os pozos particulares que permita facer fronte a unha situación crítica de subministro sobrevida.

A hipótese exposta por este Concello non constitúe, en ningún caso, unha simple oposición veciñal baseada nunha eventualidade hipotética ou nun temor infundado: está apoiada na existencia documentada de captacións subterráneas, nacementos, humidais e sistemas locais de abastecemento, así como nun estudo hidroxeolóxico previo e específico da parroquia de Santa María de Oia, elaborado por unha institución científica independente.

b) Marco legal específico de protección do abastecemento de poboacións.

O artigo 24.1 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, establece que a actuación da Administración autonómica e das entidades locais en materia de abastecemento debe **garantir o subministro de auga en cantidade e calidade adecuada** aos núcleos de poboación legalmente constituídos. Esta previsión é desenvolvida polos artigos 3 e 6 do Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia, cuxo artigo 3.2 reitera expresamente esta garantía, e cuxos apartados 3.2.a) e 3.2.f) fixan como obxectivos da planificación hidrolóxica **conseguir o bo estado das masas de auga superficiais e subterráneas e previr o seu deterioro adicional**, e **velar pola conservación e mantemento das masas de auga, das zonas húmidas e dos ecosistemas**, respectivamente.

Esta previsión debe interpretarse de forma sistemática cos principios da planificación hidrolóxica, coa protección das augas subterráneas e co principio de prevención, e resulta directamente conectada co fin explicitado na letra e) do artigo 3 da Lei 4/2023: "**a cohesión social e a mellora da calidade de vida da poboación do litoral de Galicia**". Unha actuación que puider comprometer o abastecemento de auga potable dunha poboación enteira sería, por definición, radicalmente contraria a este fin legal.

c) Base fáctica e científica do risco denunciado.

A única información científica dispoñible que pode servir de guía sobre a materia é o extenso e documentado "**Estudo hidroxeolóxico e análise da viabilidade do abastecemento con augas subterráneas en Santa María de Oia**", elaborado pola Universidade da Coruña entre os anos 2013 e 2017 (informe final, setembro de 2017), centrado precisamente na parroquia onde se pretende executar o proxecto. As súas conclusións son taxativas: o abastecemento do Concello de Oia realízase na actualidade **exclusivamente con augas do subsolo**, mediante pozos de barrena e traídas veciñais que xa presentan problemas de garantía de subministro durante épocas de estiaxe prolongado; e a conexión ao sistema de abastecemento do Baixo Miño resultaría economicamente inasumible, polo que as augas subterráneas constitúen a única alternativa real e viable.

A esta base científica hai que engadir os datos obxectivos achegados por este Concello: a inexistencia de acuíferos significativamente grandes recoñecidos na demarcación (DOG do 20 de febreiro de 2023, Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrolóxica Galicia-Costa); a dependencia crítica dos humidais situados xunto ao lugar onde se pretende construír a balsa para a xeración das augas subterráneas da parroquia; os datos pluviométricos da única estación meteorolóxica do Concello (Castro Vicaludo, a uns 200 metros das tubaxes proxectadas), que evidencian unha variabilidade extrema e ciclos de seca recorrentes; e, sobre todo, a existencia documentada e datada fotograficamente -o 6 de agosto de 2026- de **dous nacementos naturais de auga doce na propia zona de captación mariña**, dos que procede o propio topónimo do porto.

A construción da balsa -cunha profundidade de entre 25 e 30 metros nunha zona rochosa- e das tubaxes e liña eléctrica soterrada esixirá inevitablemente escavacións e voladuras que, con toda probabilidade, obstruirán ou destruirán múltiples vetas e microacuíferos, sen que exista dato ningún -nin na memoria nin en ningún outro documento- que permita descartar este risco ou cuantificar o seu alcance. Esta ausencia de valoración foi xa sinalada, na súa dimensión de carencia documental do proxecto básico, na letra d) do Fundamento 4º deste escrito, ao que expresamente nos remitimos.

d) Conclusión.

Calquera proxecto sometido á Administración de Costas cuxa execución supoña un perigo para o abastecemento de auga dos veciños de Oia debe ser **rexeitado de plano** mentres non se dispoña das ferramentas científicas necesarias para valorar a súa posible repercusión sobre as augas subterráneas. Este Concello achegou todos os datos básicos fiables dos que dispón cientificamente, e a súa conclusión non apunta a un risco remoto ou especulativo, senón a un **risco moi probable** de que a execución do proxecto presentado poña seriamente en perigo o abastecemento de auga de toda a parroquia de Santa María de Oia. O silencio da promotora sobre esta cuestión esencial -non existe na memoria estudo algún que a analice seriamente- reforza, e non debilita, esta conclusión.

En consecuencia, e por aplicación directa dos principios de precaución e prevención consagrados no artigo 4 da Lei 4/2023, en relación co artigo 24.1 da Lei 9/2010 e cos artigos 3 e 6 do Decreto 1/2015, procede que se **denegue** a concesión solicitada mentres non quede científicamente descartado o risco denunciado sobre o abastecemento de auga potable da poboación.

Sétimo.- Necesidade de avaliación adecuada das afeccións á Rede Natura 2000, considerando os efectos individuais e en combinación co proxecto de Portocelo.

a) Marco legal: a esixencia de avaliación conxunta "individualmente ou en combinación con outros plans ou proxectos".

O artigo 46, apartado 4, da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade -que incorpora ao ordenamento español o artigo 6.3 da Directiva 92/43/CEE, de Hábitats-, establece que:

> "*Cualquier plan, programa o proyecto que, sin tener relación directa con la gestión del lugar o sin ser necesario para la misma, pueda afectar de forma apreciable a las especies o hábitats de los citados espacios, ya sea individualmente o en combinación con otros planes, programas o proyectos, se someterá a una adecuada evaluación de sus repercusiones en el espacio [...]. A la vista de las conclusiones de la evaluación [...], los órganos competentes para aprobar o autorizar los planes, programas o proyectos solo podrán manifestar su conformidad con los mismos tras haberse asegurado de que no causará perjuicio a la integridad del espacio en cuestión.*"

Esta esixencia de avaliación "**individualmente ou en combinación con outros plans, programas ou proxectos**" é unha formulación legal explícita e directa da obriga de valoración conxunta de efectos acumulativos cando concorren varias actuacións sobre un mesmo espazo protexido, e resulta plenamente aplicable ao presente caso á vista da relación de dependencia funcional entre Fonte das Mañas e Portocelo acreditada no Fundamento 1º deste escrito.

Este mandato específico da lexislación de patrimonio natural resulta ademais reforzado pola normativa xeral de avaliación ambiental: a Lei 21/2013, do 9 de decembro, define a avaliación ambiental como o proceso destinado a analizar os efectos significativos dos proxectos sobre, entre outros factores, poboación, saúde humana, flora, fauna, biodiversidade, xeodiversidade, solo, subsolo, auga, medio mariño, paisaxe e patrimonio cultural, e esixe expresamente que o estudo de impacto ambiental

analice os efectos directos, indirectos, secundarios, **acumulativos e sinérxicos**, incluída a acumulación dos efectos con outros proxectos.

b) Concorrencia acreditada de valores protexidos na zona afectada.

A franxa costeira onde se pretenden executar as obras conta cun recoñecemento oficial específico e múltiple, recoñecido pola propia documentación do proxecto e por fontes cartográficas oficiais:

- Afección directa á **Rede Natura 2000**, na súa modalidade de Zona de Especial Protección para as Aves **ZEPA ES0000554** (corredor migratorio galaico-cantábrico), circunstancia que a propia promotora recoñece na documentación presentada.
- Cartografía oficial do Ministerio que sitúa moi preto do trazado proxectado o hábitat mariño **1170** "**Arrecifes**", hábitat de interese comunitario cuxa protección constitúe precisamente un dos obxectivos de conservación que xustifican a declaración da ZEPA.
- Catalogación de toda a costa entre Cabo Silleiro e a desembocadura do Miño polo Instituto Xeolóxico e Mineiro de España como **Lugar de Interese Xeolóxico (GM090)**, en atención ao seu valor xeomorfolóxico, o mesmo tipo de valor que as obras van alterar de forma permanente e irreversible mediante escavacións e voladuras.
- Presenza documentada de fauna salvaxe de significativo valor natural e etnográfico na contorna inmediata da actuación, en particular os **garranos** (cabalos salvaxes) vinculados ao curro da Valga, cuxo hábitat e dinámica de manexo tradicional se verían directamente afectados pola proximidade da balsa proxectada.

c) Insuficiencia da avaliación presentada e necesidade de consideración conxunta con Portocelo.

Consonte a doutrina exposta na letra a), a Administración non pode limitar a súa valoración aos efectos illados do proxecto de Fonte das Mañas sobre os espazos e valores protexidos sinalados, senón que debe estender necesariamente esa valoración aos efectos **en combinación** co proxecto de Portocelo, actualmente tamén sometido a información pública (expediente CONC-PO-2026-011), habida conta da dependencia funcional acreditada entre ambos no Fundamento 1º. Unha avaliación que examine illadamente cada proxecto, ignorando os efectos acumulativos e sinérxicos que ambos producen conxuntamente sobre a mesma franxa costeira protexida -catro quilómetros de litoral, dous puntos de captación, varias subcentrais e unha liña de alta tensión que os une-, incumpriría de forma directa o mandato do artigo 46.4 da Lei 42/2007 e do artigo 35 da Lei 21/2013.

A documentación presentada pola promotora non contén avaliación ningunha desta natureza combinada, limitándose a valorar, e de forma insuficiente, os efectos illados de cada instalación por separado.

d) Conclusión.

Por todo o exposto, procede que a Administración esixa, con carácter previo a calquera resolución sobre o fondo, unha avaliación adecuada das repercusións do proxecto sobre os valores que motivaron a declaración da ZEPA ES0000554 e sobre os demais valores naturais e xeolóxicos protexidos da zona, considerada tanto individualmente como en combinación co proxecto de Portocelo, conforme esixen o artigo 46.4 da Lei 42/2007 e os artigos 7 e 35 da Lei 21/2013, sen que poida outorgarse a concesión

solicitada en tanto tal avaliación non conclúa que a actuación conxunta non causará prexuízo á integridade dos lugares protexidos.

Oitavo.- Protección do Camiño de Santiago Portugués da Costa como territorio histórico do patrimonio cultural de Galicia.

a) Réxime legal de protección.

A Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, dedica o seu Título VI aos Camiños de Santiago, recoñecendo que constitúen rutas que estruturan, conforman e caracterizan o territorio que atravesan. O seu **artigo 75** outorga ás rutas dos Camiños de Santiago -agás as xa declaradas Ben de Interese Cultural pola súa inclusión na Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO- a condición de **bens catalogados coa categoría de territorios históricos**. O Camiño Portugués da Costa, ao seu paso polo Concello de Oia, ten esta consideración legal.

Os artigos seguintes desa mesma norma -relativos ao uso, ás actividades e intervencións compatibles, e ás actividades prohibidas nos Camiños de Santiago- establecen, en síntese e como criterio xeral, que as obras e actividades realizadas no ámbito delimitado dos Camiños deben ser **compatibles coa conservación e protección dos seus valores propios**, debendo manter as características principais do territorio que conforman, sen que a súa utilización poida supoñer un perigo de destrución ou deterioro nin realizarse de forma incompatible cos seus valores culturais.

b) Insuficiencia da valoración feita na memoria.

A memoria presentada pola empresa cualifica como **nula** a afectación ao Camiño de Santiago, argumentando que, aínda que este discorre entre a zona de extracción e a subcentral, non existe problema algún dado que as tubaxes van soterradas por debaixo do camiño. Esta afirmación resulta **xuridicamente insuficiente** á luz do réxime de protección exposto: a protección legal dun territorio histórico non se limita á preservación física do pavimento ou do solo sobre o que pisa o peregrino. O valor cultural do Camiño, tal e como o configura a propia Lei 5/2016 ao definilo como territorio histórico, comprende tamén o territorio que o caracteriza, a súa relación coa paisaxe, os elementos naturais e culturais asociados, e a experiencia do itinerario no seu conxunto. Por iso, a circunstancia de que as conducións se proxecten soterradas non exonera a Administración de valorar especificamente o **impacto visual, acústico, paisaxístico e funcional** que a actuación producirá sobre o Camiño Portugués da Costa, tanto durante a fase de obras como durante a explotación posterior da instalación.

c) Base fáctica da afectación denunciada.

Como se acreditou nas alegacións 5ª e 6ª deste escrito, o proxecto afecta directamente a varios tramos do Camiño Portugués da Costa nos que este discorre por un carril de uso conxunto peonil-bicicletas adxacente á estrada: desde o propio Miradoiro de Oia -desde onde se visualiza perfectamente a zona da escollera proxectada, tal e como se demostra coa superposición cartográfica achegada (figuras 5 e 6)- ata a contorna do Mosteiro de Oia e a ermida de San Sebastián. A execución das obras, cunha duración prevista de dous anos, suporá ademais cortes frecuentes do camiño, voladuras, ruído intenso e po abundante ao longo de polo menos sete quilómetros do itinerario xacobeo. A isto hai que engadir os datos actualizados da Oficina de Acollida ao Peregrino (7 de agosto de 2026), que sitúan o Camiño

da Costa como o terceiro máis elixido de Galicia e en clara tendencia de crecemento, o que fai especialmente relevante calquera actuación susceptible de degradar a súa atractividade.

d) Conclusión.

Por todo o exposto, e por aplicación directa do réxime de protección establecido na Lei 5/2016 para os territorios históricos dos Camiños de Santiago, procede que a Administración valore expresamente a incompatibilidade da actuación proxectada coa conservación dos valores propios do Camiño Portugués da Costa, sen que poida considerarse suficiente, para descartar tal incompatibilidade, a mera circunstancia de que determinados elementos do proxecto se proxecten soterrados.

Noveno.- Necesidade de avaliar especificamente o impacto paisaxístico e de aplicar a regra de maior protección.

A Lei 4/2023 establece unha gradación territorial do litoral e atribúe especial relevancia ás áreas de protección ambiental e ás áreas de **mellora ambiental e paisaxística** (Capítulo III do Título III), categoría na que resulta razoable situar, á vista dos valores documentados neste escrito, a franxa costeira onde se pretende executar o proxecto.

O artigo 41.3 da Lei 4/2023 establece que os títulos de intervención administrativa nestas áreas se outorgarán **previa avaliación adecuada das repercusións** dos usos ou actividades pretendidos sobre os espazos, e coa **garantía de non causar prexuízo** ao dominio público marítimo-terrestre ou aos valores ambientais e paisaxísticos do litoral.

O artigo 50 da mesma lei establece, ademais, o carácter preceptivo do **informe de avaliación paisaxística** nos supostos legalmente previstos, coa finalidade de comprobar a integración paisaxística da actuación e establecer as cautelas e condicións necesarias para eliminar os impactos negativos detectados.

Por outra banda, o artigo 43 establece unha regra de especial relevancia para a resolución do presente expediente: **cando sobre un mesmo espazo conflúan normas ou instrumentos de ordenación con réximes de uso diferentes, aplicarase a regra que supoña maior protección do espazo**. Esta regra de prevalencia resulta directamente aplicable no presente caso, no que conflúen sobre a mesma franxa costeira, como se acreditou nos Fundamentos 6º, 7º e 8º deste escrito, a protección hidrolóxica das augas subterráneas de abastecemento, a protección da Rede Natura 2000 e dos valores xeolóxicos do litoral, e a protección do Camiño de Santiago como territorio histórico. Ante esta concorrencia de réximes de protección, o criterio interpretativo legalmente esixido é o de **maior protección**, e non o que resulte máis favorable á viabilidade do proxecto.

En consecuencia, a existencia de valores paisaxísticos, naturais, culturais e turísticos especialmente relevantes na zona -documentados fotográfica e cartograficamente ao longo deste escrito, e recoñecidos por fontes obxectivas e alleas a este Concello, como a guía Michelin ou o Instituto Xeográfico Nacional- **non pode ser tratada como unha mera circunstancia secundaria** na valoración do proxecto, senón que esixe a elaboración do informe de avaliación paisaxística preceptivo conforme ao artigo 50, e a aplicación da regra de maior protección conforme ao artigo 43, ambos os dous da Lei 4/2023.

Polo anteriormente exposto,

SOLICITA:

Primeiro.- Que se aprecie a **fragmentación artificiosa** do proxecto denunciada no Fundamento 1º deste escrito, e que en consecuencia se denegue a concesión de ocupación do dominio público marítimo-terrestre para este proxecto.

Segundo, e en todo caso, que se dite resolución pola que se **denegue** o outorgamento da concesión de ocupación do dominio público marítimo-terrestre solicitada polo incumprimento simultáneo e acumulativo dos requisitos regrados para a súa concesión, desenvolvidos nos Fundamentos anteriores

Terceiro.- Que se teñan por formuladas e admitidas as presentes alegacións, o Anexo técnico elaborado pola empresa TYSGAL Medioambiente S.L. que se acompaña, así como a documentación gráfica e audiovisual achegada, incorporándoos na súa integridade ao expediente administrativo.

En Oia, a 12 de agosto de 2026.

Asdo.- Dona Cristina Correa Pombal

Alcaldesa do Concello de Oia

Firmado por ***0895** CRISTINA CORREA (R: ****3600*) el día 12/08/2026 con un certificado emitido por AC Representación